

NORMAS BÁSICAS DE ACTIVIDADES

1. Requisitos de actividades:

A) Xerais:

- Altas: Debese acceder a páxina web de Serocio, no seguinte enlace: <https://serocio.com/>

Na parte superior da páxina, seleccionar a pestaña de actividades extraescolares e escoller o centro de estudos correspondente. Para finalizar a inscrición, debe descargar e cubrir debidamente os documentos de “Folla de domiciliación” e “persoas autorizadas na recollida de actividades”, que se poden descargar aquí mesmo e enviala por correo electrónico á: actividades.serocio@gmail.com

As inscricións que cheguen fóra de prazo terán que esperar ata o seguinte mes para que poidan comezar a actividade; é dicir, neste caso non poderían comezar ata o mes de outubro, **sempre e cando haxa prazas dispoñibles no grupo correspondente.**

- Baixas, cambios e ou modificacións: Deben ser notificadas por correo electrónico a: actividades.serocio@gmail.com, antes do 26 do mes anterior a causar baixa, do contrario pagarase a mensualidade.

- Autorizacións saídas actividades extraescolares: Cando a recollida non a realicen as persoas titoras, poden autorizarse un máximo de tres persoas para que realicen a recollida de forma habitual. Esta autorización debe facerse a través do documento adxunto (persoas autorizadas na recollida de actividades).

Se xurde algún imprevisto e ningunha das persoas autorizadas pode recoller á crianza, debe enviar un correo a actividades.serocio@gmail.com e indicar o centro, nome e o DNI da persoa que recollerá, así como a crianza e a actividade. Este trámite debe intentar facerse antes das 13:00 horas na medida do posible. Outra opción é chamar á coordinación de actividades ao teléfono: 622047421 (Jennifer) ou 681137001 (Pastora) e indicar o mesmo que no correo; intentar facerse antes do horario de comenzo de actividades (16:00h) na medida do posible.

- Follas de domiciliación: Deben ser entregadas por correo electrónico no menor tempo posible, é obrigatorio envialas antes do inicio a actividad.

A cuota de actividades aboarase a principio de cada mes, anticipadamente por meses completos sin importar o número de sesións a impartir, so suposto de iniciar a actividade a mediados de mes só se aboa a parte proporcional. A variabilidade no número de sesións de cada mes por festivos, vacacións ou cualquera outra circunstancia xa foi tida en conta á hora de fixar os tarifas das actividades. Calquera excepción, será debidamente comunicada ás familias.

Os importes mesuais da actividade non se devolveran salvo causa médica justificada, adxuntando o mesmo vía telemática.

Un saldo deudor de máis de duas mensualidades xenerará a baixa automática do alumno/a na actividade/s.

Todos os alumnos inscritos nalgunha actividade deberán abonar unha cuota en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura todo o curso escolar, e se pasará co primeiro recibo.

- Entradas e saídas: Prégase máxima puntualidade por parte das familias nas entregas e recollidas. Dada a complexidade loxística para os monitores e monitoras nas entregas e recollidas, **a falta de puntualidade por parte das familias poderá ser motivo de expulsión da actividade.**

Os traslados entre comedor e as actividades das 16.00 é responsabilidade dos monitores e monitoras de comedor. Os intercambios entre as actividades ás 17:00 é responsabilidade conxunta dos monitores e monitoras de ambas actividades.

B) Comportamento:

Son esixíbles en todo momento e situación as seguintes normas básicas de convivencia:

- O comportamento do alumnado das actividades extraescolares debe ser de respecto cara o profesorado, os seus compañeiros e o seu entorno.
- Respecto ás instalacións e materiais do centro e ás súas normas de uso, así como ás pertenzas dos compañeiros.
- As aulas quedarán perfectamente limpas, recollidas e en orde, coa participación do profesorado e os alumnos en dita tarefa.
- Respecto ás normas de hixiene e limpeza.
- Asistencia ás clases e actividades, cumprindo con puntualidade os horarios.
- Non está permitido ao alumnado o uso de móbiles ou dispositivos electrónicos.
- Non se admitirán, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- De forma directa, o monitorado non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da actividade, nomeadamente, entre nenas/os, e aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

2. Obrigas do alumnado:

Son obrigacións do alumnado:

- Seguir sempre as indicacións do persoal.
- Tratar co debido respecto a todo o persoal e aos seus compañeiros/as.
- Deixar as súas pertenzas no sitio que se lles asigne e responsabilizarse de recollelas ao irse.
- Coidar o material e as dependencias do centro.
- Respectar os demais enseres dos usuarios.
- Non utilizar o teléfono móbil durante o horario completo.
- Cumprir as normas específicas para actividades extraescolares.

- En ningún caso se permitirán comportamentos agresivos ou vexatorios conlevando ditos comportamentos a correspondente sanción. Reservase o dereito a expulsar a un neno/a cando teña 3 partes de mal comportamento (previa comunicación a familia, vía oral, telefónica, así como o ANPA).
- O alumnado non ten permitido acceder a ningunha outra dependencia do centro máis que a aquela na que se estea desenvolvendo a actividade na que participa e aos aseos.

3. Obrigas das familias:

Son obrigacións das familias (pais/ nais/ titores legais de alumnos/as) que se acollan ao servizo de actividades:

- Comprometerse a aboar nos prazos establecidos as cuotas estipuladas. En caso de devolución do recibo, terán un prazo de tres semanas para facer a transferencia. O incumprimento da obriga de pago determinará a perda do dereito a gozar do servizo. Os debedores de actividades extraescolares de cursos anteriores non poderán inscribirse ata poñerse ó día cos pagos.
- Deberán recoller a os/as alumnos/as a saída na quenda que lles corresponda. Se algunha familia se retrasa na recollida dun alumno/a de forma puntual por motivo de urxencia ou por algunha incidencia extraordinaria, o monitor espera ata a chegada da persona responsable.
Estes retrasos nas recollidas non poderán producirse en ningún caso de xeito reiterado e sen xustificación, neste xustificación, polo que nos reservamos a solicitar a baixa nas actividades extraescolares.
- Non poderán recoller a os/as alumnos/as fóra do horario de saída establecido. En casos excepcionais, deberase comunicar co suficiente antelación por correo electrónico.
- As familias non accederán ao recinto escolar e agardarán polo alumnado nas zonas habilitadas para tal fin.
- Determinadas actividades poden necesitar de material específico individual, determinados funxibles ou outros (que serán descritos e comunicados na información concreta da actividade) que deberán ser provistos polo propio participante. Estes materiais poderán ter carácter de uso obrigatorio (por exemplo, kimonos en actividades de judo ou roupa axeitada e determinada para outras actividades deportivas).

5. Duración das actividades extraescolares:

- A ANPA será a encargada de presentar ao centro o horario das actividades extraescolares, en función do alumnado inscrito e da dispoñibilidade. Un horario que será aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar.
- O ANPA é un mero organizador, polo tanto, calquera dúbida, comentario, queixa ou reclamación, pregamos que vos dirixades a SEROCIO, por correo electrónico

(actividades.serocio@gmail.com) ou telefónica a Jennifer (622047421) ou Pastora (681137001).

- As actividades extraescolares teñen unha duración máxima de 2 horas, a contar desde a hora de inicio.
- As actividades extraescolares serán ofertadas de luns a venres, e para que se poidan levar a cabo, deben contar cun número mínimo de alumnado inscrito, sendo este 10 nenos/as.

